

VINDEOVER

CONCURSO
DE CREACIÓN
AUDIOVISUAL



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

Bibliotecas
escolares
de Galicia



BASES

- 1 O Concurso VINDEOVER organizado conxuntamente polos IES de Noia, Campo de San Alberto e Virxe do Mar, ten coma obxectivo o fomento da creación audiovisual en galego polo alumnado dos centros.
- 2 A participación no concurso está aberta a todas as alumnas e alumnos matriculados nalgún dos dous centros organizadores no curso 2021-22. Pódese participar de xeito individual ou en grupo.
- 3 As pezas audiovisuais deberán ser en galego, no que se inclúe o título, as voces e os diálogos no caso de posuílos.
- 4 A temática das pezas audiovisuais a concurso é libre, en calquera xénero audiovisual (curtametraxes de ficción, documental, videoclip, spots, reportaxe televisivo...).
- 5 Desbotaranse as pezas, sen posibilidade de concursar, que contrapoñan os valores dos Dereitos Humanos, polo uso de violencia ou calquera tipo de discriminación.
- 6 Os requisitos para a entrega das pezas audiovisuais a concurso son:
 - 6.1 A duración máxima será de 5 minutos.
 - 6.2 A resolución mínima será de 720p (1280 x 720 px). Recomendada: 1920 x 1080 px.
 - 6.3 As extensións dos arquivos será .mp4 ou .mov.
 - 6.4 As pezas deberán incluír un título e os créditos nos que conste as persoas que participaron e as súas funcións (Actrices, actores, dirección, montaxe, fotografía...)
 - 6.5 Deberán contar coa cesión de dereitos de autor no caso de utilizar imaxes ou música allea. Recomendase o uso de bancos de imaxe con licencia de Creative Commons.
- 7 Establecense os seguintes premios:
 - 7.1 MELLOR PEZA AUDIOVISUAL na categoría: ESO, ESA e FPB.
 - 7.2 MELLOR PEZA AUDIOVISUAL na categoría: BACHARELATO e CICLOS FP.
 - 7.3 MELLOR PEZA AUDIOVISUAL na categoría: C.M. VídeoDJ e Son
 - 7.4 MELLOR FOTOGRAFÍA entre todas as pezas a concurso.
 - 7.5 MELLOR GUIÓN entre todas as pezas a concurso.
 - 7.6 MELLOR INTERPRETACIÓN ou PERSONAXE entre todas as pezas a concurso.
 - 7.7 MELLOR MONTAXE entre todas as pezas a concurso.
 - 7.8 MELLOR SON entre todas as pezas a concurso.
- 8 Para a entrega das pezas deberase enviar un correo electrónico ó enderezo concursovindeover@gmail.com indicando o título e o nome dos participantes, curso e centro. Ademais farano nun PEN USB na Conserxería do centro matriculado nun sobre no que se identifique o nome da persoa e o curso. A memoria PEN USB será devolta ós propietarios/as.
- 9 Todas as persoas participantes que saían en imaxe deberán ter asinado unha folla de cesión de dereitos de imaxe.
- 10 O prazo de presentación das pezas audiovisuais a concurso remata o día 29 de abril.
- 11 A participación no concurso supón a aceptación das bases.